

COMUNICADO Nº3



NOVO HORARIO DE VERIFICACIÓN TÉCNICAS

- 09.00h a 10.00h: vehículos 4x2 inscritos no shakedown.
- 10.00h a 11.30h: vehículos 4x4 inscritos no shakedown.
- Resto de vehículos nos horarios previstos no regulamento particular da proba.

** Lémbrese a todos os participantes que non tiveran a ITV ou seguro en vigor antes do peche de inscricións, que deberán presentalo nas verificacións técnicas.*

ANULACIÓN DE PARQUE PECHADO E CERIMONIA DE SAÍDA – O PARROTE

Tal e como comunicamos mediante aviso e nota de prensa no día de onte, informamos a todos os participantes que tanto o parque pechado como a cerimonia de saída no Parrote, quedan suspendidos, como medida de prevención sanitaria.

Antes das 22.00h, todos os vehículos deberán estar no parque de traballo nas súas respectivas asistencias. Queda terminantemente prohibido retirar os vehículos do mesmo para realizar probas, salvo autorización expresa dos comisarios deportivos.

ANULACIÓN DA CERIMONIA DE ENTREGA DE TROFEOS

Da mesma forma que a cerimonia de saída, dito acto queda tamén anulado. Os vehículos serán introducidos no parque pechado, podendo entrar por adianto no control horario, e ahí finalizará oficialmente a proba. Os trofeos serán enviados posteriormente por transporte.

MODIFICACIÓN DO ROADBOOK E PARQUE PECHADO DE FIN DE RALLY

O parque pechado final será na Torre de Hércules, en lugar do previsto no Parrote, co obxectivo de evitar aglomeracións de público. As dúas últimas follas do roadbook serán modificadas e enviadas na mañán do venres, xunto cos percorridos alternativos.

Para a comodidade dos participantes, a organización tamén entregará estas novas follas en un sobre, que poderán ser recollidas na área de servizo Galuresa a partir do venres as 19.00h.